



ACTA Nº 2022/8

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, martes 13 de xullo de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS:
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M ^a TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
M ^a VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
SECRETARIA
ROCÍO HERMIDA CANCELA
INTERVENTORA
ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

- **Borrador da sesión ordinaria celebrada o 27 de maio de 2022.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes nese momento na sesión (ausente neste punto D. César F. Pérez Martínez).

- **Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 14 de xuño de 2022.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes nese momento na sesión (ausente neste punto D. César F. Pérez Martínez).

DA COMISIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación da CONTA XERAL 2021. Expediente Nº 2022/T017/000001.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 7 de xullo de 2022 emitíuse o seguinte DITAME:

“2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación da CONTA XERAL 2021. Expediente Nº 2022/T017/000001.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

**Asunto: Aprobación da Conta Xeral 2021.
EXPEDIENTE Nº: 2022/T017/000001.**

Considerando a Conta Xeral correspondente o Orzamento Municipal do 2021 formada pola Intervención Municipal deste Concello e documentación que a acompaña.

Resultando que dita Conta foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Economía e Facenda (que asume as función de Comisión Especial de Contas) celebrada o 18 de maio de 2022.

Consta no expediente a exposición pública durante quince mais oito días, no BOP Nº 101 do 30 de maio de 2022 así como no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Consta informe do encargado do rexistro do Concello conforme o cal, no prazo de alegacións, non se presentaron reclamacións ao respecto.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao Orzamento Municipal do 2021.

Segundo.- *Unha vez aprobada a Conta Xeral do 2021, por parte do Pleno Municipal, será rendida e sometida, con toda a documentación que a integran, á fiscalización da Consello de Contas, remitida telematicamente a devandito organismo, nos termos establecidos no artigo 212.3 de Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Sra alcaldesa.

Margarita Lamela Louzán.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto, e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, xa tivemos dúas comisións con relación á mesma algunha intervención?.

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 7 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

INCIDENCIA: ENTRA NO SALÓN DE PLENOS, AS 20:02 MINUTOS D. CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ

3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación da modificación do Anexo de Subvencións do orzamento para o exercicio 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000022.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 7 de xullo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación da modificación do Anexo de Subvencións do orzamento para o exercicio 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000022.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2022.

EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000022

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a tramitación que consta no expediente de referencia, así como o informe favorable emitido pola Intervención Municipal.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2022, no seguinte sentido:

NOMINATIVAS 2022:



PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
230/489.00	Solidaridade Galega co Pobo Saharai	1.780	Programa Vacacións en Paz	Postpagable
230/489.00	ANMPA EUGENIO LÓPEZ	3.000	Servizo de conciliación	postpagable
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago-Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
40/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olímpica Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club (G70111729)	1.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Cee de deportes de contacto (G70209341)	1.500	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.01	Asociación de Amigos da Xunqueira (G67767681)	20.000€	Convenio	Prepagable

EN CONCURRENCIA 2022

PARTIDA	ENTIDAD	IMPORTE	DESTINO
230/480.00	Segundo necesidades	5.000	emergencias sociais
230/481.00	Sen especificar	5.000	Premios, libros etc becas comedor servizos sociais
330/481.00	Sen especificar	370	Premios de campaña de lectura etc cultura

SEGUNDO. O beneficiario debe estar o corrente das obrigas tributarias (Concello, Comunidade Autónoma e Estado) e da Seguridade Social o que debe acreditar con carácter previo ó pago.

A proposta que se somete a aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente pola realización da transferencia de crédito para tal finalidade.

TERCEIRO.- Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro edictal do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.

QUINTO. Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asinado dixitalmente

Alcaldesa do Concello de Cee.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Margarita Lamela Louzán.

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto, e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela.”

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, é a aportación dunha subvención o Atlético Pereiriña Fútbol Club de 1500 euros e outra o Club de Cee Deportes en contacto pola mesma contía, algunha intervención.

Sr Domínguez Louro: esta é a quinta vez que tratamos este punto na orde do día en 6 plenos que levamos, fíxose en xaneiro, marzo, abril, maio e agora en xullo que pertence o pleno de xuño polo que bueno cadrou con festivo, na ultima vez que falamos disto dende o BNG fixemos a petición de novo que se convocara a comisión correspondente para tratar que todos os grupos deses e puidesemos aportar para tratar de ampliar ou mellorar este anexo de subvencións, non foi atendida e Vde unha vez mais volve co anexo de subvencións tratando de ampliálo de novo, o BNG vai votar a favor non ten ningún problema en votar e levantar a man para que saia adiante, mais tamén queremos facer unha serie de apuntamentos o primeiro é que da nosa proposta que foi rexistrada no seu día, nesa proposta que lle presentamos por escrito a última vez van quedar fora o Club Dafit que tamén compite a nivel nacional, e tamén os deportistas individuais Pati Nuñez, Elian Numa e Xiana Lago estes tres deportistas individuais que no ano 2021 en algunha ocasión temos falado nos plenos e pedido que dende o BNG que se abraise unha liña de subvencións para eles, e que Vde contestou que ía convocar a comisión correspondente e estudialo no 2021 non se fixo e no 2022 parece que levamos o mesmo camiño, é unha lástima porque fixen uns apuntamentos rápidos sobre os curriculums, é para sentirse orgulloso, é certo que se fai recoñecemento publico nas redes sociais pero para nos é totalmente insuficiente, Xiana Lago foi no 2021 campiona galega de lanzamento disco subcampeona en peso e record galego en peso superando o seu propio record do ano anterior, no 2022 ven sendo campiona galega sub 20 e subcampeona no absoluto, Pati Núñez no ano 2021 campiona de España full contac de menos 60 kilos e no 2022 ven de ser proclamada campiona de Españae sub-campiona de españa compre tamén sinalar que está competindo a nivel internacional, Elian Numa no ano 2021 campeón galego e subcampeón de españa sub 23 en 800 metros e no ano 2022 acaba de ser de novo plata en sub 23 en 800 metros e esperamos el espera tamén que sexa elixido moi pronto para competir nos xogos do mediterraneo o cal nos encherá de orgullo por ser deste pobo, e xa digo para nos esta ben o recoñecementos públicos nas redes sociais incluso cando se reciben aqui e se lle da o detalle pertinente pero axudalos economicamente como se fai cos demais clubs deportivos xa sería outro nivel e por iso pedimos de novo que se convoque esa comisión correspondente e se fale destes rapaces que quedan sin axudar e tamén por suposto do club Dafit que tamén non vai a recibir ningunha axuda, facémolo hoxe farémolo todas as veces que faga fata ata que se xa escoitado a nosa proposta.

Sra alcaldesa: mire poderá Vde facer as veces que o considere pertinente pero quero dicirlle que non consta ningunha solicitude por escrito por rexistro de entrada por ningún dos que acaba de mencionar sen embargo os que traemos hoxe si consta por rexistro de entrada a súa solicitude e xustificada a mesma, por outra banda me parece Vde bastante selectivo porque hai moita mais xente en Cee que compiten e que tamén merecen o mesmo recoñecemento dos que Vde está dicindo.

Sr Domínguez Louro: mire a primeira proposta que nos fixemos era unha liña de subvencións para xóvenes talentos, non queremos cerrar a porta a ninguén falando de ser selectivos, o primeiro que é selectiva é Vde e o seu grupo, non nos, nos traemos propostas que se poden estudar e ver e palpar e



curioso que me conteste tamén que non hai proposta escrita supoño que non as farán para saír nas redes sociais e felicítanse cada vez que consiguen un logro o cal me parece estupendo, tamén ten recibido algun deles Vde entregado o correspondente detalle e tampouco non creo que eles o pediran polo tanto supoño que non sería necesario que se faga esa solicitude, que é mais si atendera a nosa proposta primitiva de abrir unha liña de subvencións para todos nos que todos os deportistas, asociacións, clubs e demais podan optar libremente non estaríamos falando disto entón que me fale de selectivo me parece de verdade que é pouco menos que surrealista en calquera caso si convoca esa comisión non ten porque ser a nosa proposta a única seguros que os demais grupos da oposición e Vdes poderán aportar o que queiren oportunas e logo estudalas e ver si son posibles ou non pola nosa parte non hai ningún tipo de discriminación hai persoas e deportistas que se poñen dunha maneira ou doutra en contacto con nos e o traemos aquí que tamén podemos ser altavoces das súas propostas

Sra alcaldesa: a maioría das subvencións que se están dando xa proceden dunha lexislatura anterior, excepcionalmente se incorporaron algunhas en función das solicitudes e xustificando as mesmas, sempre comento o mesmo, cando aprobamos o anexo de subvencións non se fixo ningunha proposta por parte de Vde para incluíla para aprobalas en xaneiro e as inclusións que se foron facendo foi dependendo das partidas presupostarias porque tiñamos aí agora 3000 euros na partida de deportes que se puido trasladar para aquí si non houbera eses cartos non podía neste caso dar estas dúas axudas nin traelo como proposta, tamén depende dos recursos económicos e do orzamentos en función das partidas correspondentes, sería moi doado, moi doado non, darlle a todo mundo o que considere convinte pero estamos suxeitos a uns orzamentos e non hai cartos para todos salvo algunha modificación noutro senso.

Sr Domínguez Louro: hai varias posibilidades, tentar aprobar uns presupostos adecuados as necesidade actuais, outra chama a atención tamén que Vde diga que non fixemos aportacións cando durante o ano 2021 como dixen antes levamos en varias ocasións rexistrando escritos os que Vde tivo acceso a eles polo tanto cando presentou esa proposta primeira puido adaptala a necesidade, os recursos económicos son limitados pero tamén as posibilidades ou debería haber posibilidades para que todos e todas poidan acceder as axudas municipais en igualdade de condicións, que me diga que este anexo de subvencións veña doutras ocasións non significa nada, Vde cambiou moitas cousas que viñan de atrás unhas para ben e outras para mal, entón o que Vde me está dicindo para nos non ten validez e mais, volvo a convidala a que traia o pleno e comisións os orzamentos do 2022 para poder traballar sobre eles e chegar un acordo

Sra alcaldesa: para rematar, vou repetir esta vez e nunca mais, estou dicíndolle que na comisión correspondente no pleno correspondente onde se aprobou o anexo de subvencións nesa comisión Vde non fixo ningunha aportación nin despois no pleno foi con posterioridade a xaneiro cando presentou os escritos correspondentes pero non cando se aprobou o anexo de subvencións. As modificacións foi por circunstancias, a asociación Amigos da Xunqueira polo ano xubilar e as outras en base a unha solicitude e porque unha parida se puido facer a transferencia correspondente e outra o pobo saharagui e aquí a final de ano xa non vou traer este punto do orde do día porque non hai posibilidade

Sr Domínguez Louro: o orde de factores non altera o produto.

Sra alcaldesa: no vamos a estar media hora interviniendo porque hay que computar unos plazos, quiere quedar siempre con la última palabra ya le contesté, vamos a fijar porque no podemos estar media hora repitiendo lo mismo, lo mismo, lo mismo.

Sr Domínguez Louro: eu non estou repetindo o mesmo

Sra alcaldesa: ya está contestado

Sr Domínguez Louro: cando desee retireme a palabra pero non diga que estamos repetindo eu polo menos estou contestando o que Vde me está dicindo non creo que sexa ningún problema a maiores, repito é Vde quen non quer atender o que lle digo o orde de factores non altera o produto si consideraba que para aquela comisión tiñamos que ter unha proposta vale, non estamos de acordo



pero fixémoslo a posteriori estamos falando que xaneiro, marzo, maio, xuño, cinco veces en 6 meses, bueno dende aquela houbo moitas oportunidades para remediar iso e sobre todo o mais importante que Vde non tivo ningunha intención de dialogar cos grupos deste Pleno, porque si tivera intención tería convocada a comisión doutro xeito, faino puntualmente, métenos contra espada e parede porque sabe que ningún grupo pero ninguén vai votar en contra dunha subvención a un club porque non ten sentido pero podemos censurar e criticar a forma de facer as cousas, Vde obra como si tivera a capacidade absoluta de chegar aquí levantar a man e marchar para a casa o final tena, porque vamos levantar a man a favor pero non digo ou pense que porriba vamos ter que asentir ca cabeza, levantamos a man porque estamos de acordo en axudar, por último xa sei que non teño a última palabra, tena Vde si Vde me quer contestar ou me quer retirar a palabra é cuestión sua pero creo que o debate está sendo do mais normal

Sra alcaldesa: mire, es volver a reiterar lo mismo, la forma de actuar que tienen el BNG es presentar las notas de prensa, nos enteramos por las notas de prensa cuando presentan los escritos porque sabemos que al día siguiente de la nota de prensa presentan los escritos en el concello, vamos a las comisiones.

Sr Pérez Martínez: ahora nin eso, solo nota de prensa

Sra alcaldesa: como comprenderá me da exactamente igual

Sr Domínguez Louro: si lle dera igual non estaría recordando continuamente, dando leccións de como temos que facer o noso traballo

Sra alcaldesa: en las comisiones correspondientes ya le dije en el anterior pleno se lo reiteró el gobierno negocia, bueno negociar, dentro de las propias comisiones y se puede alcanzar acuerdo en función de las diferentes propuestas o dejar sobre la mesa como la última comisión y se trae otra propuesta diferente nada mas

Sr Domínguez Louro: a semana pasada deixouse na comisión enriba da mesa a unha proposta do BNG foi así, verdade?

Sra alcaldesa: no fue a propuesta del BNG dejar encima de la mesa.

Sr Domínguez Louro: por unha proposta do BNG.

Sra alcaldesa: no solamente fue el BNG, había más concelleiros ahí hicieron cada uno sus propuestas, no se quiera usted, estaba la Sra Iglesias el Sr Dominguez y cada uno hizo sus aportaciones correspondiente no se quiera atribuir el trabajo de todos

Sr Domínguez Louro: non me quero atribuir, atribuírse do traballo dos demais fixo Vde no ano 2019, non veñamos a iso non estou tratando de atribuírme nada, digo que nesa comisión que quedou enriba da mesa un punto había unha proposta do BNG e sabe que non estou nesa comisión que houbo mais, habería.

Sra alcaldesa: fue concretamente, de la alcaldía despues de las intervenciones de todos los componentes de la comisión, eso fue así, ya está.

Sr Domínguez Louro: está desviando

Sra alcaldesa: no no está usted desviando

Sr Domínguez Louro: no, no, absolutamente nada, digo que o BNG fixo esa aportación non digo que non haxa mais, non estou atribuíndome nada, eu non reparto papeliños por ai facendo as cousas que fai Independentes por Cee, PP, Ciudadanos ou PSOE non, nos o que facemos nos, da maneira que igual non lle guste, iso xa queda o libre albedrío de cada quen, vairs veces nos ten aleccionado de como temos que facer as cousas e solo faltaría que tuveramos que dar explicacións e as comisións teñen o titulo de informativas son para informar, que podamos debatir, introducir eso é outra historia, é mais, moi importante o último pleno que non foi retransmitido en directo nin colgado despois nas redes e que Vde dixo eso

Sra alcaldesa: no se pudo grabar por un error técnico, pero el último se puso, hubo un error técnico y se avisó tan pronto salimos del pleno, que había un problema técnico que no se podía, nada mas no creo que fuese el fin del mundo está el acta colgada en la página web



Sr Domínguez Louro: por suposto pero xa lle dixemos nese Pleno, está na acta, que o BNG non ten ningún interese en negociar a escondidas sin que ninguén nos vexa, pode Vde gravalo si non hai fallo técnicos retransmitilo,, non temos problemas con eso,
Sra alcaldesa: no voy a intervenir mas porque volvería a intervenir el Sr Domínguez Louro.
Sr Domínguez Louro: depende de como interveña Vde
Sra alcaldesa: sino estariamos aqui toda la tarde.
Sra Díaz Freire: fará un ano aproximadamente, pola plataforma fixo a solicitude, Elian,
Sra alcaldesa: o miro porque non teño traslado diso
Sra Díaz Freire: a presentou fixísimo.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

4. Proposta da alcaldía relativa á Aprobación inicial da Modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000018.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 7 de xullo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“4. Proposta da alcaldía relativa á Aprobación inicial da Modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000018.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación inicial da Modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2022.
EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000018.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, dada a necesidade de aprobación dun Plan estratéxico de subvencións é fixar as liñas de actuación no outorgamento das mesmas o que debe ser acorde cos principios reguladores da lei de subvencións, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2022 que de seguido se detalla, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, cuxa redacción é a seguinte:

“ PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2022

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.



Hai que ter en conta a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos a políticas públicas que estean previstas en Normas legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

En cumprimento do disposto na disposición final terceira da citada Lei, o Goberno aprobou o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor do mesmo (25 de outubro de 2006), os plans estratéxicos de subvencións ou dos plans e programas sectoriais vixentes adaptaranse ao establecido no mesmo.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redonda de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na Lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións [instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública], de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles; con carácter previo ao nacemento da subvención.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

Artigo 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2022 axustarase ao previsto no presente Plan.

Artigo 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

Artigo 3

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

Artigo 4

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.



Artigo 5

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Artigo 6

As materias que o Concello de Cee pretende subvencionar son as seguintes:

2022

- Acción social: CARITAS DIOCESANA, emerxencias sociais, premios, libros e becas de comedor.
- Cultura: Fundación Fernando Blanco; Amigos da Xunquera, Entroido...
- Deportes: asociacionismo deportivo, etc.

Artigo 7

En materia de **acción social**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) colectivos desfavorecidos:

a) **Obxectivos:** se pretende facer fronte as necesidade de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar emerxencias sociais.

c) **Custos previsibles:** 13.000€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración coas distintas entidades que se financian e mediante a concesións de axudas de emerxencia social ou convocatorias de subvencións de necesidades previstas.

B) Conciliación

Obxectivos: se pretende facer fronte as necesidade de promover iniciativas de igualdade e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar desigualdades de xénero e fomentar a conciliación.

c) **Custos previsibles:** 3.000€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración na educación para a adopción das políticas citadas (ANMPA)

C) Colaboración internacional



Obxectivos: se pretende facer fronte as necesidades de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar desigualdades sociais.

c) **Custos previsibles:** 1.780€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración coa entidade Solidaridade Galega co pobo saharai

Artigo 8

En materia de **cultura**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) premios:

a) **Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística a través de concursos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da lectura e da cultura popular

d) **Custos previsibles:** 6.000€ para 2022

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** liñas de concursos.

B) Museos

Obxectivos: Impulsar e achegar á poboación a creación artística e a cultura a través de dos museos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura popular e o arte

d) **Custos previsibles:** 18.000€ para 2022

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da colección- museo da Fundación Fernando Blanco en relación os gastos de natureza corrente.

C) Ano Xubilar 2002/2023

Obxectivos: Impulsar o evento Ano Xubilar 2022/2023

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura

d) **Custos previsibles:** 20.000€

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos



f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da actuaciónes do ano xubilar e a coroación da Virxe da Xunqueira

Artigo 9

En materia de deportes, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos...

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte da adquisición do material deportivo e o gastos necesarios para a práctica do deporte no Municipio, o incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal, a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio...

d) **Custos previsibles:** 21.100 para o 2022.

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do deporte mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven o deporte e a súa promoción.

g) na área de deportes destaca a entrega coma contraprestación para fomentar e favorecer o deporte, a menor cuantía a sufragar polos usuarios e a promoción deportiva a aportación con carácter de subvención á explotación a favor do concesionario da instalación da piscina municipal polo importe que resulte do resultado da explotación e cun importe máximo de **80.000€**

Artigo 10

O Concelleiro competente por razón da materia ou a Alcaldesa no seu caso efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

Artigo 11

Finalizada a vixencia do Plan, antes da elaboración do seguinte a Alcaldesa deberá presentar ante o Pleno nunha Memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratégico de Subvencións.

Anexos:

1. Anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal do Concello de Cee para 2022 dentro do orzamento prorrogado do 2020.

NOMINATIVAS 2022

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
230/489.00	Solidaridade Galega co Pobo Saharai	1.780	Programa Vacacións en Paz	Postpagable



Exp. 2022/G010/000008

230/489.00	ANMPA EUGENIO LÓPEZ	3.000	Servizo de conciliación	postpagable
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago- Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club (G70111729)	1.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Cee de deportes de contacto (G 70209341)	1.500	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.01	Asociación de Amigos da Xunqueira (G67767681)	20.000€	Convenio	Prepagable

EN CONCURRENCIA 2022

PARTIDA	ENTIDAD	IMPORTE	DESTINO
230/480.00	Segundo necesidades	5.000	emerxencias sociais
230/481.00	Sen especificar	5.000	Premios, libros etc becas comedor servizos sociais
330/481.00	Sen especificar	370	Premios de campaña de lectura etc cultura

SEGUNDO.-Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poden presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Publicar así mesmo, na sede electrónica deste Concello <https://www.cee.gal>.

TERCEIRO.- Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións, no caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Plan no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional.

CUARTO.- O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] deste Plan, co texto íntegro da mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto, e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.



A secretaria, Rocío Hermida Cancela.”

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa é o mesmo punto co anterior xa coñecen a proposta, algunha intervención?

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

- 5. Proposta da alcaldía relativa á Desestimación solicitude formulada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con NRE 20229000000849 de data 8 de xuño de 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000130.**

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 7 de xullo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“5. Proposta da alcaldía relativa á Desestimación solicitude formulada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con NRE 20229000000849 de data 8 de xuño de 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000130.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Desestimación solicitude formulada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con NRE 20229000000849 de data 8 de xuño de 2022.

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000130

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o escrito presentado nesta Administración o 8 de xuño de 2022 pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que se transcribe:

“*ASUNTO: Comunicación inicio obra de acondicionamento, substitución de carpinterías exteriores e SATE no CEIP Plurilingüe Eugenio López*

En relación coa obra de acondicionamento, substitución de carpinterías exteriores e SATE no CEIP Plurilingüe Eugenio López, e dada a disposición adicional décimo quinta da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que indica que as administracións educativas poderán establecer procedementos e instrumentos para favorecer e estimular a xestión conxunta coas Administracións locais e a colaboración entre centros educativos e Administracións públicas, e que a conservación e o mantemento dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil corresponde ao municipio respectivo, solicítase que se bonifique o imposto de construción, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do Concello.”



Considerando o Informe Proposta asinada o 9 de xuño de 2022 pola Tesourería Municipal, que literalmente se transcribe:

“INFORME PROPOSTA DE RESOLUCION

Visto o escrito presentado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no que comunican inicio de obra de acondicionamento, substitución de carpinterías exteriores e SATE no CEIP Plurilingüe Eugenio López, e dado que a disposición adicional décimo quinta da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que indica que as administracións educativas poderán establecer procedementos e instrumentos para favorecer e estimular a xestión conxunta coas Administracións Locais e a colaboración entre centros educativos e Administracións públicas, e que a conservación dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil corresponde ao municipio respectivo, SOLICITAN que se bonifique o imposto de construcións, instalación e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do Concello.

Vistas as Ordenanzas reguladoras da Taxa pola actividade de control e verificación de actuacións urbanísticas e a Ordenanza reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, Non se recolle ningún tipo de exención ou bonificación relativo ao solicitado.

Esta Tesourería, informa que non procede aplicar bonificación algunha a Consellería de Cultura para a obra de acondicionamento no CEIP Plurilingüe Eugenio López, por non estar contemplado nas Ordenanzas reguladoras, en vigor, de este Concello.

E canto informa aos efectos oportunos.

A TESOURERIA

Asdo Dixitalmente

Considerando o artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras así como a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola actividade de control e verificación de actuacións urbanísticas

Por todo o exposto, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude formulada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con NRE 202290000000849 de data 8 de xuño de 2022 relativa a bonificación do imposto de construcións, instalacións e obras e taxa pola actividade de control e verificación de actuacións urbanísticas, en relación a comunicación previa da obra de acondicionamento, substitución de carpinterías exteriores e SATE no CEIP Plurilingüe Eugenio López, de conformidade co Informe Proposta transcrito na parte expositiva e lexislación aplicable (Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras así como a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola actividade de control e verificación de actuacións urbanísticas, no Concello de Cee).

SEGUNDO.- Notificar aos interesados coa indicación expresa de que contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto, e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta hai informe negativo de tesourería no que se menciona directamente, se transcribe na proposta, algunha intervención?

Sr Domínguez García: o noso grupo vai votar en contra da desestimación porque entendemos que non debemos penalizar as inversións que se fan no concello, vamos votar en contra da desestimación e esperamos que no próximo pleno veña un punto para estimar a petición da consellería.

Sra alcaldesa: non se pode.

Sr Domínguez García: si non se pode para que ven o pleno?

Sra alcaldesa: é dicir, para poder estimar hai que modificar primeiro a ordenanza e que entre en vigor

Sr Domínguez García: pois modificámola.

Sra alcaldesa: con esta petición xa non sería posible.

Sr Domínguez García: nos vamos votar en contra de todo eso

Sr Domínguez Louro: un punto parecido foi no pleno de marzo de 2021 onde se falaba do cambio de canalóns do Instituto Agra de Raíces e naquela intervención, que nos tamén votamos en contra de desestimar esa petición da consellería dixeran, está na acta que o artigo 10 da ordenanza fiscal apartado 4 di que a efectos da xestión da modificación do artigo 6 da presente ordenanza aplicase o 103.2 LRFL que reza: unha bonificación de ata o 95% a favor de construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou titularidade municipal por concorrir circunstancias sociais, culturais, artísticas, fomento emprego e demais, consideramos que as circunstancias sociais e culturais están engobladas e que se trata dun colexio público e consideramos que é necesario estimar esa petición de bonificación do imposto porque? non é certo, polo menos interpretable como di a proposta, que non está contemplado, solicita que se bonifique vistas as ordenanzas reguladoras do ICIO non se recolle ningún tipo de exención ou bonificación relativo o solicitado, non é verdade, é certo que na ordenanza non se recolle pero a propia ordenanza remítenos a LRFL, como xa dixeran naquel momento e volvo a dicir hoxe, é necesario e beneficioso que se faga ese imposto porque falamos dunha inversión nun colexio público que si lle rebaixamos ese imposto van ser capaces de invertir mais nas obras que necesita o propio colexio porque todos necesitaran pois reformas e canto mais diñeiro teñan mais poderán acometer esas reformas e avances que necesitan os centros educativos, neste caso, estamos na liña que di o PP non lle vamos poñer paus nas rodas cando queren invertir algo aquí que nos gustaría e seguro que o PP tamén que fose mais pero xa que intentan facer algo o noso deber como concello é facilitarlle como noutras ocasións a outras a empresas privadas no polígono por exemplo no cal estamos totalmente de acordo co cal o noso voto vai ser en contra como en marzo de 2019 e propoñemos que se fagan as xestións oportunas para darlle volta a eso e estimar a petición da consellería de educación.



Sra alcaldesa: a proposta de desestimación se base nun informe de tesourería que di literalmente: *Esta Tesourería, informa que non procede aplicar bonificación algunha a Consellería de Cultura para a obra de acondicionamento no CEIP Plurilingüe Eugenio López, por non estar contemplado nas Ordenanzas reguladoras, en vigor, de este Concello.*

Sr Vigo: a raíz da parte de intervención do Sr Domínguez Louro e do que acaba dicir Vde eu realmente considero que inda que non sexa preceptivo porque sinon estaría, que o informe a esta cuestión fose técnico de secretaría porque da recadadora do Concello da tesourería do Concello non creo que sexa o funcionario indicado para dicir si está ben ou mal enfocado lexislativamente o que se vai facer.

Sra alcaldesa: considero que a tesourería é a que leva estes asuntos.

Sr Vigo: leva os asuntos de recadación pero os legais se levan desde secretaría.

Sra alcaldesa: non creo que o criterio sexa diferente a este

Sr Vigo: non estou dicindo que sexa diferente pero ten un enfoque diferente no sentido que o profesional que o emite está digamos mais cualificado dende un punto de vista legal para facer este tipo de informes, polo cargo que exerce non por outra cousa, non dubido da capacidade profesional da tesourería do concello, todo o contrario, pero creo que un informe a un tema legal, que é o que estamos cuestionando si pode ser ou non pode ser sería mais enfocado dende secretaría que desde tesourería

Sra alcaldesa: respecto a súa opinión pero considero que está ben realizado o informe

Sr Domínguez Louro: eu en calquera caso independentemente que crea que a secretaria vai informa da mesma maneira me parece que debería de informar porque igual nos levamos unha sorpresa e informa doutro xeito, de todas formas, dio claro ademais, o que lle dixen antes, a LRFL di no punto 2 las ordenanzas fiscales podrán regular las siguientes bonificaciones sobre la cuota del impuesto: a) unha bonificación de hasta 95% para obras, construcciones e instalaciones declaradas de especial interés ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, artísticas, fomento de emprego que xustifiquen tal declaración, corresponderá dita declaración o pleno da corporación e previa solicitude do suxeito pasivo, con voto favorable..

Sra alcaldesa: usted lo acaba de decir, primero hay que modificar la ordenanza cuando fue con la sanidad, lo que hicimos es modificamos ordenanza y luego solicitaran cuando quieran los permisos y tienen la bonificación, aqui igual, primeiro hai que modificar la ordenanza, y para que los centros educativos tengan la bonificación y cuando la soliciten está aprobada, lo que no se puede es ahora, usted lo acaba de decir literalmente, sino que informe la Sra secretaria.

Sr Domínguez Louro: o que diga a secretaria xa o dirá no seu momento si ten que decilo

Sra alcaldesa: si yo considero pertinente y decir que intervenga la Sra secretaria para aclarar, quien es usted para decir que no

Sr Domínguez Louro: non digo eso, digo que xa informará si ten que informar, non digo mais, nin que o faga nin o deixe de facer, si Vde o pide o fai non teño problema non terxirse as miñas palabras digo que o que acabo de ler non di que hai que modificar a ordenanza di interpretación a que as ordenanzas están suxeitas.

Sra alcaldesa: vuelva a leer el último párrafo

Sr Domínguez Louro: tal declaración o pleno da corporación e previa solicitude do suxeito pasivo pero se refire a si é preceptivo a bonificación ou non, que Vde e incluso secretaria si quer o interpreta así vale pero non é así, é interpretable, pode interpretar desa maneira a tesoureira interpretar desa maneira e pode a secretaria interpretar desa maneira perfecto pero eso non é o que pon a LRFL, está falando das ordenanzas

A Sra alcaldesa da palabra a secretaria.

Eu digo que pouco teño que explicar cando levamos 20 anos facendo o mesmo, non é algo novo que xurda agora, cando solicitan antes se da bonificación neste momento despois non, pero o levamos facendo sempre non é nada novo

Sr Domínguez Louro: o que me estás dicindo non ten nada que ver co que acabamos de ler



Eu digo que sempre se desestiman por ese motivo pero levamos 6, 7, 8, sempre igual.

Sr Pérez Martínez: unha tradición.

E digo que é o que marca a ordenanza cando se estimas é porque está regulado na ordenanza, porque as obras do polígono se bonifican? porque está na ordenanza a bonificación e hai que aplicala, cando non está regulada non se pode aplicar.

Sr Domínguez García: é un erro penalizar unha inversión haberá que cambiar a ordenanza

Sr Domínguez Louro: si fora así dende marzo 2021 a xuño do 2022 pasou mais dun ano e non é culpa nosa que non se cambiase a ordenanza, si fose así, e despois repito que é interpretable o que pon a LRFL, en calquera caso queda aí, nos vamos votar en contra, estamos a favor que se estime a solicitude.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e NON resulta aprobada pola seguinte votación: 8 votos en contra dos grupos políticos PP, IXCee e BNG e 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

6. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento.

Eu Secretaria interveño e digo que por un erro na redacción da orde do día, as Resolucións para coñecemento son as remitidas no enlace o que tiveron acceso o concelleiros/as coa convocatoria.

Quedan enterados/as dos Decretos da Alcaldía: Do Nº 458/2022 de data 20 de maio o 622/2022 de data 5 de xullo.

7. Dar conta ao Pleno da Corporación dos reparos e anomalías de Ingresos 2021, conforme ao artigo 218 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Expediente Nº 2022/T017/000001.

Quedan enterados/as.

8. Rogos e preguntas.

Sr Domínguez García: quería preguntar, en que situación esta o Plan Xeral?

Sra alcaldesa: a situación do Plan Xeral temos un requirimento do IET polo tema da cartografía, como había dito non cumpre, está no proceso de licitación estamos nese tramite

Sr Domínguez García: a cartografía

Sra alcaldesa: presentouse toda documentación

Sr Domínguez García: a empresa esta cumprindo co prego?

Sra alcaldesa: a empresa redactora ten aberto un expediente

Sr Domínguez García: eu quero ter información de como está a situación porque entendo que si tiña que presentar o proxecto para aprobación inicial o ano pasado xa.

Sra alcaldesa: ten aberto un expediente



Sr Domínguez García: ten mais dun ano que se lle apliquen todas as sancións con respecto a eso na oficina técnica agora quen hai?

Sra alcaldesa: a arquitecta e empeza o luns un arquitecto técnico.

Sr Domínguez García: porque o que estaba?

Sra alcaldesa: o que estaba na plantilla ten unha comisión de servizos e volve en xaneiro, está Cayetana substituíndo e sacamos unha bolsa de emprego do arquitecto técnico porque o que estaba aprobou a praza noutro concello e marchou.

Sr Domínguez García: a min viñéronseme queixar moita xente.

Sra alcaldesa: o arquitecto técnico non sei cantos meses estamos sen el 3 ou 4, a arquitecta dende xaneiro está traballando, a finais de xaneiro creo que entrou, sempre estivo, logo o arquitecto técnico pois aprobou noutro concello e sacamos de novo a bolsa.

Sr Domínguez García: de todas formas si teño que pedilo por escrito quero saber a situación do Plan Xeral e que expediente se abriu e porqué á empresa redactora.

Sr Vigo: quería preguntar en primeiro lugar as prazas de socorristas das praias

Sra alcaldesa: a praza de socorrista había unha persoa que ía presentarse que estaba anotado e tamén por unha cuestión, que era o mesmo que tivera anos anteriores por cuestión de traballo renunciou e agora estamo de novo co tema solicitando o INEM para cubrir a praza, porque non hai socorristas, agora parece ser que terminaron os cursos algúns haber si se incorporan no caso de que non apareza ninguén na oficina de emprego non hai posibilidade de ter un socorrista nas praias

Sra alcaldesa: non porque as bases obrigan a que estean anotados no Inem e con determinados cursos.

Sr Vigo: as cuadrillas de limpeza de praias?

Sra alcaldesa: hai un informe por parte de, consta no expediente de que non posible a contratación debido a reforma laboral existente, e este ano tivemos que contratar a unha empresa para limpeza das praias

Sr Vigo: pero se contratou a empresa?

Sra alcaldesa: si xa empezou, a semana pasada

Sr Vigo: osea que a reforma laboral ten partes negativas que limitan a contratación

Sra alcaldesa: temporal si

Sr Vigo: polo menos para quen vai a este tipo de traballos, en estas etapas que traballan por moitos motivos

Sra alcaldesa: o tema do PEL se contratou antes da entrada en vigor da reforma laboral e por iso se puido facer sin problema

Sr Vigo: outra pregunta mais, os auxiliares de policía local, poden patrullar solos, en parella ou ten que ir acompañados dun policía titular?

Sra alcaldesa: eu preguntei e dada a situación na que estamos en Cee que temos nestes momentos un policía local e os dous auxiliares, me dixeron que podían facelo

Sr Vigo: pero pódese facer?

Sra alcaldesa: si o que teñen unhas limitacións, o cumprimento das ordenanzas e tal pero poden facelo

Sra Iglesias Lema: pueden sancionar?

Sra alcaldesa: si, en cumprimento das ordenanzas, eso foi o que me informaron

Sr Vigo: xa para rematar unha cuestión me imaxino que seguindo a folia de ruta que levamos iniciada fai tempo de ir eliminando aquelas actuacións que xeneran reparo de intervención, que se foron facendo algunhas na miña etapa, Vde outras, agora tocoulle os seguros, o que nos chama atención é que a fórmula nos parece chamativa no sentido de que se invita as compañías que traballan aqui que se poñan en contacto cunha asesoría de Madrid para que canalicen as súas ofertas a través deles, me parece algo realmente raro como procedemento



Sra alcaldesa: explicolle, o concello o que fixo foi adherirse a un convenio da Femp, nos adherimos a el para facer unha auditoría dos seguros que temos e para poder sacalos a licitación, a auditoría xa nos a entregaron e vamos iniciar os procesos correspondentes, nese convenio conforme a ese convenio a Femp sacou nun proceso de licitación e gañou unha correeduría, nos temos si nos adherimos esa correeduría hai que darlle os expedientes e ter o coñecemento e facer a auditoría correspondente eso é o que trasladei os representantes dos seguros que é o que se vai facer e sacar a licitación e para eso tíñamos que facer un estudo correspondente

Sr Vigo: vai licitar o conxunto dos seguros

Sra alcaldesa: os seguros correspondentes que ten o Concello que son varios, os vehículos...

Sr Vigo: o paquete?

Sra alcaldesa: vai por lotes

Sr Domínguez Louro: varias cousiñas, cal é o procedemento a seguir coas terrazas porque me comentan varios hostaleiros que se piden permisos os dos locais de enfrente si non é o del e da comunidade de veciños, si é así, e onde está recollido iso e porque se fai así.

Sra alcaldesa: as terrazas, teñen que estar diante da súa fachada, si se esta ocupando fachada doutras edificacións evidentemente hai que ter os permisos correspondentes da comunidade de propietarios ou si son particulares, particulares e dos baixos dos locais, houbo moitas protestas nese senso, e dicir hai quen está ocupando pois espazo, demasiado espazo do lado e protestan os veciños para entrar para saír das súas entradas dos seus edificios, para evitar este tipo de problemas o que se lle pide é que teña iso, é mais estamos facendo o borrador da ordenanza que xa se vai recoller esto en todos os concellos que teñen ordenanza de terrazas así se contempla e para evitar as protestas dos veciños, o que non se pode é ocupar espazo público agora xa estamos nunha situación normal e as terrazas o 100% e pídesse iso para evitar problemas.

Sr Domínguez Louro: preguntaba para saber que criterio se estaba seguindo e facer fincapé que é importante si non se fai que se trate a todos por igual porque hai descontento, pode haber descontento de veciños e seguramente en moitos caso teñen razón pero tamén hai certo descontento no sector da hostalería parece que non todos son tratados da mesma maneira

Sra alcaldesa: todos son tratados iguais, se lles manda unha comunicación no mesmo sentido pero algúns inda non presentaron a solicitude correspondente para ocupar o solo e déuselle un prazo porque saben que ten que presentar en xaneiro e estamos en xullo e inda non presentaron a solicitude de ocupación do solo.

Sr Domínguez Louro: pois sería bo poñerse en contacto con eles

Sra alcaldesa: xa foi a policía local a xunto eles a dicirlle que teñen que facer a solicitude correspondente e a todos na contestación lle vai no mesmo sentido son iguais para todos.

Sr Domínguez Louro: recentemente, os postos do mercado 31, 32 ou 33 falo de memoria do que se falou aquí varias veces que deixou de ocupar Frutas Vila, quedaron libres, eses postos pódense ocupar neste momento?, hai algún problema? Porque hai persoas interesadas e me fan a pregunta

Sra alcaldesa: si, pero eran como 3 locais e os deixaron sin separar e terán que volver a poñelo a situación anterior, non fan caso os requirimentos correspondentes e si non o fan teremos que facelos nos a costa deles e logo pasar a factura correspondente.

Sr Domínguez Louro: non hai problema que fagan a solicitude.

Sra alcaldesa: si si que a fagan

Sr Domínguez Louro: por ultimo volveu a sacar a saír fai unhas semanas, as axudas de bolsa de comedor para escolares, Vde non considera como o BNG que sería mellor abrir unha liña de subvención para que todo o alumnado e familias que teñen necesidades puidese optar a esas axudas e non limitalas tanto a unhas bolsas de comedor que por outro lado nos colexios públicos son gratis, non sería mellor iso, abrir unha liña de subvencións coma noutros concellos sen ir mais lonxe Zas onde hai unha partida de 28000 euros e o alumnado pode concorrir libremente, non sería mellor?



Sra alcaldesa: sería moitísimo mellor Sr Domínguez Louro pero o tema é os orzamentos son os cartos os que son, podo dicirle por exemplo que na gardería temos un déficit de 120000 euros na escola de música temos un déficit de case 60000 euros, na escola de teatro temos un déficit de case 4000 e pico de euros, non sei onde vamos sacar os cartos sería marabilloso estupendo poder ter cartos para todos porque Vde sempre fai propostas de nada de dar pero non sei onde vamos a sacar con tanto déficit.

Sr Domínguez Louro: estou pensando na piscina que temos un déficit de 80.000 cada ano.

Sra alcaldesa: 80000 cada ano si

Sr Domínguez Louro: isto non é unha empresa, é un servizo público e son deficitarios en moitas ocasións é o labor de quen está aquí e quen goberna e atender as necesidades, o gran problema é que vai empezar un curso en breve e os nenos e nenas e familias deses nenos e nenas que teñen necesidades e por desgraza hainas cada vez mais, no colexio público ten comedor pagado pero non ten axudas para comprar unha bolsa, un chandal ou simplemente libros

Sra Trillo: está equivocado hai becas

Sr Domínguez Louro: hai axudas a quen ven pedilas por necesidade imperiosa

Sra Trillo: hai becas públicas para familias, como que non?

Sr Domínguez Louro: dende o Concello?

Sra Trillo: dende o concello non.

Sr Domínguez Louro: estou falando do Concello non das becas doutros organismo que xa o sei

Sra Trillo: tienen outras opcións.

Sr Domínguez Louro: claro que teñen.

Sra Trillo Lojo: gastamos por todos los lados a ver onde sacamos, esa forma de gobernar vamos a gastar vamos a gastar e onde recaudas?

Sr Domínguez Louro: se me ocorren centos non, ducias de maneiras

Sra alcaldesa: cerrar a piscina, pechamos a piscina e despois a xente que vai a piscina por cuestións de saúde e demais dicimos que non, o tema das becas que sempre insiste co tema das becas de comedor son para nenos que teñen necesidades económicas e non teñen recursos.

Sr Domínguez Louro: claro pero podería perfectamente optar a outra e si queren usar no comedor, eu na liberdade de cada pai non me meto eu digo que neste concello estase facendo dende fai tempo xa, unha política partidista con isto das becas, así de simple, non se quer traer a unha comisión dixo o principio do mandato que ían a ser as últimas, despois tivo que ampliar pero seguimos nas mesmas e mostramos o noso rechazo a esa maneira de facer as cousas.

Sra alcaldesa: o que quer é que saquemos esa axudas

Sr Domínguez Louro: non manipule, quero que se axude a eses nenos e nenas e familias e os demais tamén, a eles tamén, non poño nome e apelidos pero sei de outros que non poden optar e deberían eso é o que me doe non teño nada en contra a quen se lle da esa axuda, que quede por diante.

Sra Trillo: eso non é verdade está dicindo que se saquen.

Sr Domínguez Louro: no, que se pode facer doutra maneira

Sra Trillo: eso es nadar y guardar la ropa, venga ya hombre, siempre igual.

Sr Domínguez Louro: perdón por molestala, non é nadar nin gardar a roupa, Vdes están terxiversando....terán que explicar porque non lle dan axudas os demais non eu.

Sra Trillo: donde saco otra, donde saco?

Sr Domínguez Louro: unha idea proben a negociar os presupostos

Sra alcaldesa: jo, contigo.

Sr Pérez: como te atreves a decir eso?

Sra alcaldesa: porque vuestra respuesta es no no y no

Sr Pérez: esa película ya la viste...este é o equipo de goberno?

Sra Trillo: esa es la oposición

Sr Domínguez Louro: vaian as actas dos plenos e miren cantas veces votou en contra das propostas

Sra alcaldesa: en contra de los presupuestos, de dos.



intelixible

Sr Domínguez Louro: negociou co PP, e dereito ten, non é a crítica aí, fago unha descrición da realidade, non digo que non o poda facer, o fixeron e ben feito está pero non diga que...

Sra alcaldesa: votó en contra

Sr Domínguez Louro: si, entre outras cousas polos soldos, porque o mellor con esos soldos igual xa tíñamos para becas.

Sra alcaldesa: y en otras ocasiones no se llega a los plenos, algunha pregunta máis.

Sr Hermida: simplemente quería preguntar porque hai varia xente que se informa polo tema de Sogama no polígono que fixeron unha recollida e tal non sei si hai un informe público.

Sra alcaldesa: falei o outro día, prevén iniciar a obra a finais de agosto, primeiros de setembro.

Sr Hermida: ca mesma empresa?

Sra alcaldesa: non con outra, están nun proceso polo tema de axuste de prezos.

Ás 20:53 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán